

conecta+

xornada de networking entre creadorxs e produtorxs

23 de xaneiro de 2026
Pontevedra

organiza:



patrocina:



fundación **sgae**

colabora:



AGAPI

QUE É?

CONECTA+ é unha ferramenta para poñer en contacto creadoras e creadores de Galicia con proxectos en fase de desenvolvemento con produtoras de Galicia, España e Portugal que poidan estar interesadas en desenvolver eses proxectos.

Trátase dunha iniciativa de CREA (Asociación galega de profesionais da dirección e da realización) co patrocinio da Xunta de Galicia a través de AGADIC e da Fundación SGAE, e a colaboración da Deputación de Pontevedra, AGAG (Asociación Galega de Guionistas) e AGAPI (Asociación Galega de Produtoras Independentes).

O 23 de xaneiro terá lugar a sesión de reunións individuais entre os proxectos seleccionados e as produtoras e plataformas participantes.

CONECTA+ nace para xerar un espazo de contacto entre guionistas, profesionais da dirección e produtoras para construír pontes entre as ideas e o mercado, co obxectivo de fortalecer os proxectos, dotalos de viabilidade económica e promover a construción de equipos que combinen talento e capacidade de execución.

Romper a barreira da viabilidade, salvar a distancia que moitas veces se fai insalvable entre os proxectos que se deseñan e as condicións que permiten executalos, son algúns dos obxectivos deste encontro. O outro gran obxectivo está no descubrimento e no recoñecemento que permita ás produtoras identificar non só proxectos concretos, senón tamén profesionais cun estilo e personalidade que poidan resultarlles de interese en propostas futuras.

Todo isto baséase nunha estrutura de reunións un a un (one to one) que, en si mesma, é un exercicio de posta en valor dos proxectos, permitindo reforzar ante as produtoras un discurso que será válido ante investidores, programadores e outros puntos clave do círculo comercial.

Nesta edición, polo menos un dos proxectos participantes será seleccionado para participar no laboratorio de desenvolvemento de proxectos audiovisuais organizado por CREA, Conecta LAB. O proxecto será elixido polas produtoras participantes e pola comisión de valoración.

PARA QUE É?

PARA QUÉN É?

CONECTA+ vai dirixido a un amplo abano de profesionais do audiovisual. Por unha banda, profesionais da dirección, creadoras e creadores, guionistas que están a construír proxectos de cine e televisión (ficción, transmedia, documental...) e, por outra banda, produtoras e profesionais especializadas na posta en marcha de produtos audiovisuais, interesadas en descubrir novos proxectos e profesionais cos que acudir conxuntamente ao mercado.

Guionistas e cineastas seleccionados/as presentarán os seus proxectos a produtoras coas que poderán establecer colaboracións profesionais ou, cando menos, recibir unha serie de opinións e orientacións que poidan axudar á reflexión sobre o proxecto e, deste xeito, contribuír a fortalecelo.

No caso das produtoras, terán a oportunidade de coñecer novos proxectos e novos creadores e creadoras cos que poder chegar a establecer relacións profesionais, tanto para o desenvolvemento do proxecto en cuestión como para a elaboración de proxectos posteriores.

A preparación do encontro desenvolverase nas seguintes **fases**:

- **Presentación de proxectos candidatos:** As persoas que participan con proxecto presentan un pequeno dossier do mesmo. Unha comisión formada por membros de CREA, AGAG e AGAPI realiza unha selección destes proxectos.

- **Lista de participantes:** Unha vez feita a selección, a lista de participantes súmase á das produtoras e establécese unha lista definitiva de participantes.

- **Organización de reunións:** As produtoras participantes reciben os proxectos seleccionados e os seus dossiers, entre os cales poderán solicitar reunións cos proxectos que se adapten ás súas necesidades.

COMO É?

ONDE E CANDO?

A décima edición de CONECTA+ terá lugar o día 23 de xaneiro de 2026, no Pazo Provincial da Deputación de Pontevedra (Pontevedra).

REQUISITOS

As inscricións realizaranse a través do formulario habilitado na sección de actividades da páxina web de CREA:

[LIGAZÓN INSCRICIÓN](#)

O prazo remata o día 8 de xaneiro ás 23:00 h.

Os **requisitos mínimos** para participar son os seguintes:

Curtametraxe:

Dossier e guión completo dialogado

Longametraxe e Serie:

Memoria/Dossier (mínimo dez páxinas)

Para máis información, podedes escribir a:

coordinacion@crea.gal

conecta+

xomada de networking entre creadorxs e produtorxs

23 de xaneiro de 2026
Pontevedra

organiza:



patrocina:



colabora:

